



foro

Acreditación de competencias profesionais

Certificado de mantemento e montaxe de instalacións fotovoltaicas

Fernando Blanco Silva
Enxeñeiro industrial e responsable de Enerxía e Sustentabilidade da Universidade de Santiago de Compostela
 fernando.blanco.silva@usc.es

Alfonso López Díaz
Universidade Católica de Ávila
 alfonso.lopez@ucavila.es

Ángel Gendra Martínez
Instalador electricista PO-02287
 angelgendramartinez@yahoo.es

No ano 2008, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aprobaba o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, modificando a normativa existente sobre unha figura con escasa presenza na sociedade nese momento, aínda que presente no mundo laboral dende os anos noventa (pódese ver información no artigo publicado polos mesmos autores no número 57 de Eduga). Mediante o dito real decreto, o Ministerio de Traballo buscaba potenciar a inserción laboral de persoas que non tiñan a posibilidade de realizar unha formación regulada convencional (ciclo formativo ou carreira universitaria), para a cal consolidaba un novo perfil con menores esixencias que os títulos citados.

Os certificados profesionais organízanse en vinte e seis familias que abarcan perfis tan variados como cociña ou artesanía, superan en número os catrocentos e cada un corresponde a unha profesión consolidada. Os destinatarios son profesionais que levan anos traballando nun sector, pero que carecen de formación teórica previa e aos que lles resulta moi difícil cursar un ciclo formativo pola idade ou pola dispoñibilidade de tempo (as modalidades non presenciais dos ciclos non están apenas desenvolvidas).

Neste artigo, centrámonos no certificado profesional denominado Montaxe e Mantemento de Instalacións Solares Fotovoltaicas, unha acreditación que busca solucionar a escaseza de profesionais solventes no mercado e limitar o intrusismo á hora de executar estas instalacións. Os contidos están recollidos no Real decreto 1381/2008 [begin_of_the_skype_highlighting](#) 1381/2008 [end_of_the_skype_highlighting](#), do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional Enerxía e Auga, que se inclúen no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade. Esta normativa regula as once cualificacións da familia, que están relacionadas coa fontanería, instalacións de gas, instalacións solares ou eficiencia enerxética dos edificios.

Ábrese un camiño para que o persoal que interveña na execución das instalacións dispoña, como mínimo, do certificado profesional

O certificado que nos ocupa está orientado á pequena e á mediana empresa e acredita a competencia necesaria para efectuar, baixo supervisión, a montaxe, posta en servizo, operación e mantemento das instalacións fotovoltaicas, en cumprimento da normativa vixente. Inclúe catro módulos: un de contidos teóricos (150 horas), outro de montaxe (210 horas), un terceiro de mantemento (60 horas) e prácticas profesionais (120 horas), o que suma un total de 540 horas. O alumno pode superar módulos soltos ou os catro en conxunto. En caso de aprobar os catro, obterá o certificado. Debemos citar tamén que existe a posibilidade de validar os módulos prácticos por experiencia laboral, así como que as modalidades de estudo son presenciais, semipresenciais ou a distancia.

A formación do certificado profesional é menos esixente que os ciclos formativos máis afíns. O máis similar neste caso é o de instalacións electrotécnicas, cunha duración de 2000 horas e un contido máis amplo. De aí dedúcese que non debe existir unha competencia real entre ambas as profesións, xa que os que fixeron o ciclo medio están, claramente, mellor formados. Ata este momento, a implantación dos certificados está sendo lenta debido á diseminación dos candidatos a obtelos. Aínda que xa se realizaron algunhas probas en diferentes centros de Galicia, nalgúns casos, como o que nos ocupa, é suficientemente xustificada debido á escaseza de profesionais no mercado.

Respecto do perfil, debemos citar que estas instalacións tiveron unha forte expansión a partir de 2005. Nese momento, o mercado demandaba moitos profesionais, xa que apenas existía persoal formado. A normativa obriga a que a montaxe e o mantemento de instalacións fotovoltaicas sexan realizadas baixo a supervisión dun electricista e segundo o proxecto técnico redactado por un enxeñeiro. Pero non existen esixencias para realizar a propia execución e, habitualmente, lévana a cabo traballadores que realizaron o ciclo medio ou outros que carecen de formación regulada previa. Daquela, mediante a aprobación deste certificado, ábrese un camiño para que a normativa (en particular, a vindeira revisión do Regulamento electrotécnico de baixa tensión) esixa que todo o persoal que interveña na execución das instalacións dispoña, como mínimo, do certificado profesional.


imprimir páxina

outros artigos

Acreditación de competencias profesionais
 Certificado de mantemento e montaxe de instalacións fotovoltaicas

Novos retos para novas tecnoloxías
 Manuel Ángel García Gómez Profesor de Filosofía manuelangel@edu.xunta.es

viñeta
Francesco Tonucci



FRATO 82

PONERSE Á MODA



colabora con
foro

revista.galega.ensino@edu.xunta.es

O MÁIS VISTO

- Accesibilidade do sitio web
- Plan de acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema
- Eurydice, a rede europea de información sobre educación
- Declaración mundial: Aprender a través do xogo. OMEP 2010
- Entrepontos, unha revista escolar para desenvolver competencias
- Reiniciáanse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos

COLABORA COA REVISTA

- Investigación
- Experiencias
- Cartas á directora
- Foro

OUTRAS SECCIÓNS

- Axenda
- EEES - 2010/2011
- Que é
- Mediateca
- Tribuna
- Blogs
- Lexislación
- Hemeroteca
- Créditos da revista